



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Arquitectura Legal	Código	630G01046	
Titulación	Grao en Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Quinto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións ArquitectónicasProxectos Arquitectónicos e Urbanismo			
Coordinación	Sánchez Iglesias, Santiago	Correo electrónico	santiago.sanchez@udc.es	
Profesorado	Borobio Sanchiz, Manuel García Fontán, Cristina Llamazares Castro, Jesus Sánchez Iglesias, Santiago Vazquez Mosquera, Jose Manuel	Correo electrónico	manuel.borobio@udc.es cristina.garcia.fontan@udc.es j.llamazares@udc.es santiago.sanchez@udc.es jose.vmosquera@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>MARCO CURRICULAR</p> <p>Co termo Arquitectura Legal entendeuse tradicionalmente a formación en dereito dos profesionais que proxectan e executan obras de edificación e interveñen no campo do urbanismo. Esta formación proporciona o coñecemento das normas que rexen a súa actividade e o propio resultado da mesma.</p> <p>A formación é compartida polos Departamentos de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo e o Departamento de Construcións Arquitectónicas, a materia tratará de enfocar os temas desde a comprensión do espazo construído polo home, as súas orixes e organización en especial desde o punto de vista da realidade actual do territorio galego.</p> <p>OBXECTIVO</p> <p>A materia pretende ser unha aproximación á comprensión do marco legal no que se desenvolve a profesión de arquitecto desde a edificación e o urbanismo ata a ordenación do territorio. Preténdese introducir ao alumno na terminoloxía, conceptos e leis organizadoras da que será a súa práctica profesional no futuro.</p> <p>O obxectivo da materia é dotar ao alumno dos coñecementos teóricos e prácticos básicos necesarios para a elaboración, avaliación e execución de proxectos arquitectónicos, plan urbanístico que complementes a formación desenvolvida noutras materias da carreira, como culminación na formación do alumno a nivel universitario de segundo ciclo previo á súa incorporación ao mundo laboral.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A29	ANÁLISE TÉCNICO DE PROXECTOS: aptitude ou capacidade para elaborar estudos de viabilidade e exercer a supervisión, control e coordinación de proxectos integrados de edificación e de conxuntos e espazos urbanos.
A30	XESTIÓN DE NORMAS URBANÍSTICAS: aptitude ou capacidade para aplicar as normas urbanísticas e xestionar a obtención de licenzas nos proxectos integrados e na execución, tanto de obras de edificación como de espazos urbanos.
A31	VALORACIÓN DE BENS INMOBLES: aptitude ou capacidade para realizar valoracións e taxacións inmobiliarios, incluíndo terreos rústicos e solares, edificacións e espazos urbanos.
A47	ECOLOXÍA E SOSTENIBILIDADE: comprensión ou coñecemento da responsabilidade do arquitecto respecto aos principios básicos de ecoloxía, de sustentabilidade e de conservación dos recursos e do medio ambiente na edificación, o urbanismo e a paisaxe.
A61	FUNDAMENTOS LEGAIS: comprensión ou coñecemento do marco legal do desempeño profesional no relativo á saúde, a seguridade e o benestar públicos e á regulamentación civil, administrativa, urbanística, da edificación e da industria.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B9	Creatividade.



B10	Sensibilidade estética.
B18	Razoamento crítico.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B27	Liderado.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
1.- Coñecer e comprender a regulamentación civil, administrativa e urbanística	A29	B5	C1
2.- Coñecer e comprender a responsabilidade do arquitecto respecto dos principios básicos de ecoloxía, de sustentabilidade e de conservación dos recursos e do medio ambiente no urbanismo e o paisaxismo.	A30	B9	C3
3.- Aptitude para elaborar estudos de viabilidade e exercer a supervisión, control e coordinación de proxectos integrados de conxuntos e espazos urbanos.	A31	B10	C4
4.- Capacidade para realizar valoracións e tasaciones inmobiliarias, incluíndo terreos rústicos e solares, edificacións e espazos urbanos.	A47	B18	C5
	A61	B20	C6
		B27	C7
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
2. Lexislación sectorial	Lexislación sectorial Estatal /Autonómica Normativa Provincial Percorrido pola lexislación de maior incidencia
1. Lexislación urbanística básica	1. Lexislación urbanística básica Leis do chan. Regulamentos Edificar: Dereitos e deberes que comporta A acción urbanística Obtención do chan: sistemas. A intermediación da Administración na edificación e os usos do chan Licencia e disciplina urbanística O patrimonio público de Chan: Equipamentos-mercado do chan



<p>3. Planeamento</p>	<p>La ordenación del territorio Historia- evolución Lexislación de ordenación do territorio Documentos de Ordenación do territorio.</p> <p>Esquema xeral do proceso de plan Os plans por dentro. Contido documental dos plans. Os documentos normativos do plan: memoria e normas urbanísticas. Os documentos económicos do plan: estudo económico-financeiro e programa de actuación. Percorrido dun plan desde se redacción ata a súa aprobación. A posta en práctica dun plan: desenvolvemento e xestión do plan. Plans xerais, especiais, parciais, sectorización, etc.</p>
<p>4. Economía urbana</p>	<p>A economía urbana no seu contexto O mercado do chan: O chan como valor de uso e valor de cambio Plusvalías derivadas da acción urbanística. Produción do chan urbano (do chan rústico ao chan urbano). Valor-prezo do chan. O prezo da vivenda Sustentabilidade. Axenda 21 Transporte e enerxías. A vivenda pública en España. Evolución, lexislación. A vivenda de protección oficial en Galicia</p>
<p>5. Deontología, Responsabilidade civil e Exercicio da profesión</p>	<p>Actuación profesional do arquitecto Responsabilidade dos arquitectos no exercicio da profesión Profesión regulada. Servizos profesionais Actuación da administración, Contratación O proxecto de edificación e a dirección de obra Sustentabilidade, conservación e rehabilitación Informes e peritaciones Lexislación da edificación</p>
<p>6. Valoracións inmobiliarias</p>	<p>Valoracións. Conceptos Xerais Valoracións administrativas Estimacións de custo dunha obra e avaliación de proxectos</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		35	4	39
Obradoiro		12	32	44
Traballos tutelados		0	20	20
Recensión bilbiográfica		0	10	10
Proba de resposta múltiple		1	14	15
Discusión dirixida		9	0	9
Proba obxectiva		1	10	11



Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "Conferencia", "método expositivo" ou "Lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación á súa propia experiencia.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en expor unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só una delas é válida.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo argumentan e discuten de forma libre, sobre informal e espontáneo un asunto, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Recensión bibliográfica Traballos tutelados	As clases prácticas en taller, os traballos tutelados e a recesión bibliográfica contarán con atención personalizada para o seu desenvolvemento por parte do alumno en sesións abertas con presenza dos seus compañeiros. As sesións maxistrais e probas terán unha atención personalizada para aclaración de conceptos e dúbidas en tutorías.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro		Desenvolverase traballo en grupos de máximo 3 persoas e requirirá presentacións públicas e entregas parciais.	30
Proba obxectiva		Proba presencial de desenvolvemento de contidos teóricos e prácticos da materia	20
Recensión bibliográfica		Achegarse ás prácticas de grupo e individual.	5
Discusión dirixida		Valorarase a capacidade de lectura crítica, escritura e a expresión oral en público. Destacando as conclusións e achegas propias.	5



Sesión maxistral		Esíxese a asistencia ás sesións maxistras polo menos nun 75% para poder optar á superación da materia en calquera das oportunidades. A avaliación realizarase mediante a proba obxectiva, probas de respostas múltiples, recesión bibliográfica e traballos tutelados	10
Traballos tutelados		Traballo de carácter individual e requirirá presentacións públicas e entregas parciais.	20
Proba de resposta múltiple		Exame tipo test a realizar a través da plataforma moodle	10

Observacións avaliación

Utilizarase o método de Avaliación Continua, o que supón que se controlará a asistencia a clase e que unha parte da cualificación obterase da actitude e do traballo do estudante ao longo do cuadrimestre; pero debe completarse coa realización de probas teóricoprácticas que permitan comprobar que o estudante asimilou os contidos conceptuais e procedimentais propios da materia. Na avaliación final do estudante terase en conta: a asistencia a clase e o interese e participación nas sesións presenciais. A realización e exposición individual dos exercicios propostos. A realización de traballos en grupo e a súa presentación e defensa individual e/ou en grupo. As probas escritas ao longo do curso, que constarán de preguntas relativas tanto á parte teórica como aos exercicios realizados. Os exames parciais e/ou finais. Calquera outra actividade que se detalle na Guía Docente da materia. Realizaranse prácticas curtas case todas as semanas, a maioría delas durante unha parte da clase. Será necesario a presentación de polo menos o 75% das prácticas para a cualificación por curso. Así mesmo, o traballo en equipo e individual será obrigatorio para a cualificación por curso. Esíxese a asistencia de polo menos o 75% das horas presenciais. **CONDICIÓN PARA TODAS AS OPORTUNIDADES**

Na avaliación do estudante nesta materia, aplicaranse as seguintes condicións simultaneamente para poder superala:

- Cumprimentar a asistencia esixida en ambas as partes da materia.
- A superación do taller cunha cualificación 5,0 sobre 10,0.
- A superación das probas de resposta múltiple independentemente con 5,0 sobre 10,0 realizadas en clase
- A superación da proba obxectiva con 4,0 sobre 10,0 realizada en clase.
- Entrega dos traballos tutelados, sen erros graves.
- Unha cualificación de 5,0 sobre de 10,0, en ambas as partes da materia (urbanismo e construción).

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN

Unha vez superadas as condicións anteriores realízase unha media ponderada entre as cualificacións de ambas as partes da materia.

Na segunda oportunidade poderase recuperar aquelas partes non superadas realizadas durante o semestre, non se **PODERÁ RECUPERAR AS NON ENTREGADAS** Ou **NON REALIZADAS** que supoñen un "NON PRESENTADO" como cualificación da convocatoria. Consérvanse as cualificacións das partes superadas na segunda oportunidade. O incumprimento da asistencia suporá a cualificación de "NON PRESENTADO" na convocatoria (en calquera das oportunidades)

Fontes de información

Bibliografía básica	- CAMAGNI, Roberto: "Economía Urbana" Editorial Antoni Bosch, Barcelona 2005- ESTEBAN I NOGUER, Juli: "Elementos de Ordenación Urbana". Publicación Colegio Oficial de Arquitectos de Catalunya. Barcelona 1981. Ref. 60 ESTE- GONZÁLEZ-BERENGUER URRUTIA, José Luis: "Urbanismo Sectorial". Editorial Montecorvo SA. Madrid 1999.- MARTÍNEZ CARO Y OTROS: "La ordenación urbana?". EUNSA. Pamplona 1985.- PANERAI Y OTROS. "Elementos de Análisis Urbano?". IEAL. Madrid 1985.- SANTAMERA, Juan Antonio: "Introducción al Planeamiento Urbano"- SORRIBES, Josep: "Las ciudades del siglo XXI" Centro Francisco Tomás Valiente. UNED Alzira Valencia, 2001- Xunta de Galicia, "Directrices para a ordenación urbanística dos municipios galegos?". Consellería de Ordenación del Territorio e Obras Públicas. Xunta.- Texto Refundido de la Ley sobre Regimen del Suelo y Ordenación Urbana y sus Reglamentos, varios. BOE, Tecnos, Civitas.- GARCÍA ERVITI, Federico: "Compendio de Arquitectura Legal" REVERTÉ. Barcelona, 2006- TUNSTALL, Gavin: "La gestión del proceso de edificación" REVERTÉ. Barcelona, 2009
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Urbanística 4/630G01032

Proxectos 8/630G01036

Construción 6/630G01037

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Urbanística 5/630G01042

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías